

TEMA 17. A RESTAURACIÓN E CONSTITUCIÓN DE 1876¹

ORIENTACIÓNS DA PAU: O alumnado explicará as bases do sistema da Restauración ou sistema canovista (a súa xénese conservadora, monarquía constitucional doutrinaria, o “turnismo” ou quenda pacífica de partidos) e a Constitución de 1876 nos seus trazos fundamentais (soberanía compartida Coroa/Cortes, papel esencial da monarquía no nomeamento dos gobernos...). Tamén deberá facer referencia á consolidación do sistema canovista a través da configuración da “quenda pacífica” e ao funcionamento dun modelo político marcadamente oligárquico e fraudulento. Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- o proceso de restauración da monarquía borbónica
- as bases ideolóxicas do sistema canovista
- os seus mecanismos de funcionamento
- a constitución de 1876.

1. CRONOLOXÍA

A finais de 1874, o pronunciamento triunfante do xeneral Martínez Campos en favor de Afonso XII permitiu o regreso a España do novo rei, inaugurándose un período que se coñece como Restauración borbónica.

Cronoloxicamente, o Sistema da Restauración ou Sistema Canovista mantívose vixente durante case cincuenta anos. Estes transcorreron durante o breve **reinado de Afonso XII** (1875-1885), a rexencia da súa viúva **María Cristina de Habsburgo** (1885-1902), e a etapa constitucional do **reinado de Afonso XIII** (1902-1923).

2. CONTEXTO DO INICIO DA RESTAURACIÓN BORBÓNICA

En 1874, co Sexenio Democrático a punto de rematar, a I República vive un momento de **franca inestabilidade**. A tensión e división entre os propios republicanos (cantonalistas, federalistas, unionistas), a terceira guerra carlista e a guerra de independencia en Cuba, o aumento das reivindicacións obreiras mediante a AIT provocaron acentuaron a inestabilidade política e un medo crecente tanto no exército (que teme a desintegración de España) como nas clases propietarias e burguesas (que temen unha revolución social).

A inestabilidade política favoreceu os plans de **Antonio Cánovas del Castillo** para restaurar a monarquía borbónica na persoa de Afonso de Borbón, fillo de Sabela II. Cánovas era un político conservador que propiciará e deseñará este proceso.

No seu paciente labor de captación de apoios, e tras lograr que Isabel II abdicara no seu fillo, Cánovas, a través do partido afonsino, centrou os seus esforzos en presentar o príncipe Afonso como o único candidato idóneo ao trono, non só para os monárquicos, senón tamén para o máis amplo espectro político posible.

A intención de Cánovas era que a restauración borbónica se impuxera como resultado dun estado de opinión favorable, e non mediante un novo pronunciamento militar. Para isto, redactou e fíxolle firmar ao príncipe Afonso o **Manifesto de Sandhurst**, documento no que se expoñen as ideas básicas da Restauración. Porén, os militares adiantáronse unha vez máis, e o detonante da Restauración foi un pronunciamento militar de signo moderado protagonizado en Sagunto o 29 de decembro de 1874 polo xeneral Martínez Campos, que proclamou rei de España a Afonso XII. Remataba así a ditadura ou República Unitaria do xeneral Serrano, comezando o período histórico coñecido como Restauración borbónica.

¹ O texto bebe do manual de Historia De España de 2º de Bacharelato da editorial Baía, dos materias de Miguel Abaira [<https://drive.google.com/file/d/1khLG3jpO7qqSbZb0aZRxupl5DyHl9uA5/view>], do material de Paco Orge Ventín e do IES San Rosendo [<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanrosendo/aulavirtual/course/view.php?id=2>].

3. BASES DO SISTEMA CANOVISTA

Cánovas del Castillo era un político liberal conservador que propiciou a Restauración mais tamén deseñou o sistema que había de rexer o seu funcionamento e estabilidade. Destacan as seguintes características:

1. O sistema político debía asentarse sobre a **Coroa**, que representaba a tradición e a unidade de España e as **Cortes**, que representaban a vontade da nación. Coroa e Cortes debían sustentar o poder e compartir a soberanía.
2. A monarquía debía ser **constitucional e conservadora** propiciando unha volta ao liberalismo doutrinario.
3. O sistema era **bipartidista**. É dicir, con só dous grandes partidos políticos monárquicos (Conservador e Liberal), que debían turnarse no poder mediante un sistema de quenda pacífica.
 - O **Partido Liberal-Conservador ou Conservador** está liderado por Antonio Cánovas del Castillo. Ten a súa orixe no grupo de afonsinos creado durante o Sexenio Democrático e formouse a partir da integración dos antigos liberais moderados, unionistas, parte dos progresista e un sector católico. A súa ideoloxía baseábase no liberalismo conservador e entre as súas bases sociais predominaban os grandes propietarios agrarios, a burguesía industrial e financeira, aristocracia e a xerarquía católica.
 - O **Partido Liberal-Fusionista ou Liberal** está liderado por Práxedes Mateo Sagasta. Ten a súa orixe na incorporación de persoas procedentes dos progresistas, demócratas e ex-republicanos moderados. Defenden certas reformas sociais sempre e cando non puxeran en perigo as bases socioeconómicas do réxime burgués. A súa base social estaría conformada especialmente por altos funcionarios, profesións liberais, pequena burguesía máis as clases medias.


O sistema de quenda pacífica achegaba a estabilidade que faltara na etapa anterior. Deste xeito, pretendíase rematar co intervencionismo militar na vida política española (Cánovas sitúa ao rei como xefe das forzas armadas avogando pola supremacía do poder civil sobre o militar); pretendíase evitar a proliferación de enfrontamentos civís; e pretendíase, tamén, superar o carácter excluínente e partidista do reinado de Isabel II.

Porén, este sistema deixaba fóra a todo aquel que non se sentía representado por esas dúas opcións: votantes de partidos obreiros (PSOE), republicanos, nacionalistas ou carlistas, o que no longo prazo acabaría desgastando este sistema de democracia fraudulenta.

4. MODELO OLIGÁRQUICO E FRAUDULENTO

A estabilidade política alcazábbase co sistema de quenda pacífica ou turnismo. Cando un Goberno tiña dificultades para gobernar ou sufrira un forte desgaste político por un determinado conflito, a Coroa nomeaba Presidente ao xefe da oposición, disolvía Cortes e convocaba eleccións. Debía gañalas o seu partido, recorrendo, se fose necesario, á fraude electoral.

Como funcionaba esta fraude? A fraude electoral baseábase nunha ampla rede de relacións verticais e influencias asentadas nos poderes locais e dirixidas desde unha elite política desde Madrid. Unha vez destituído o Goberno por parte do rei, o **ministro de Gobernación** creaba un *encasillado* ou **encadramento**. Este era o proceso polo cal o ministro coloca nas cuadrículas correspondentes a cada distrito electoral os nomes dos candidatos que o Goberno está disposto a tolerar. Estes sistema implica complexas negociacións entre os representantes do Goberno e as diferentes forzas políticas locais. É dicir, os resultados fabricábanse antes das eleccións asignando previamente os escaños, tal e como os pactasen os dous partidos da quenda: o de Cánovas e o de Sagasta, dando sempre ampla maioría ao partido ao que lle tocaba gañar.



Isto comunicábaselle ao **gobernador civil** de cada provincia que, á súa vez, se apoiaba nos **alcaldes** (nomeados polo Goberno e encargados do desenvolvemento do proceso electoral) e na **Garda Civil** (que se encargaba de manter a orde). Finalmente, na base deste sistema de relacións estaban os **caciques** (persoas que controlaban os votos da súa zona valéndose do seu poder, status ou influencia, e que actuaban, sobre todo, no rural).

Estas relacións podíanse complementar, no caso de necesidade, con outras formas

de fraude electoral como o **pucheirazo** (substitución da urna por outra con votos favorables ao candidato que se pretende) ou os **lázaros** (votos de mortos).

5. CONSTITUCIÓN DE 1876

Á chegada de Afonso XII ás que non concorreron nin carlistas nin republicanos, reuníronse as **Cortes Constituíntes** (con maioría de deputados do Partido Conservador). O resultado foi a **Constitución de 1876**, unha carta magna que era un punto medio entre a de 1845 e a de 1869 e que establecía como modelo político unha monarquía constitucional doutrinaria conservadora. A súa grande vantaxe radicaba na elasticidade, é dicir, no seu articulado pouco preciso, compatible con gobernos de moi distinto signo político. Deste modo, os sucesivos gobernos poderían cambiar as leis ordinarias sen ter que cambiar a Constitución, o que dotaba de estabilidade ao sistema político.

Como principais características podemos mencionar:

1. A Coroa gozaba de importantes prerrogativas: tiña un papel esencial na configuración dos Gobernos, nomeaba libremente o presidente do Consello de Ministros, sancionaba e promulgaba as leis, posuía iniciativa legal, tiña dereito de veto, podía suspender e disolver as Cortes, exercía o mando supremo das forzas armadas e dirixía a política internacional. Estes poderes debían ser exercidos por ministros responsables ante as Cortes.
2. As Cortes son bicamerais e tiñan un poder limitado:
 - **Senado** adquiría un carácter sumamente elitista e conservador, a xulgar polos tres grupos que o integraban: senadores vitalicios por dereito propio, senadores vitalicios nomeados polo rei e senadores elixidos polos maiores contribuíntes e as Corporacións, para o cal debían ter un alto nivel de fortuna ou ter desempeñado altos cargos políticos.
 - **Congreso** era electivo, pero a Constitución non definía o tipo de sufraxio, o que permitía que por lei se establecera en cada momento o que máis lle interesara ao partido no poder. A primeira lei electoral restaurou o sufraxio censatario.
3. A **soberanía é compartida** entre as Cortes e a Coroa
4. Goberno Central ten o **control das deputacións provinciais e dos concellos**
5. Os **dereitos e liberdades** aparecían recollidos, pero redactados de forma xenérica polo que necesitaban un desenvolvemento en leis posteriores de inferior rango. Isto permitía un tratamento máis restritivo ou liberalizado de acordo coa vontade do Goberno vixente, sen ter que cambiar a Constitución.

6. Establecía a **oficialidade da relixión católica** e prohibíanse as manifestacións públicas de calquera outra relixión, aínda que se recoñecía a liberdade individual de culto.

Esta é a Constitución máis lonxeva da Historia de España (1876-1923), perdurando 47 longos anos, até o establecemento da Ditadura de Primo de Rivera. De feito, cando Afonso XII morre repentinamente de tuberculose, con 27 anos, Cánovas e Sagasta reúnen-se coa rexente María Cristina para acordar continuar co turnismo, acordo que coñecemos como “Pacto de El Pardo”, asegurando así a estabilidade do sistema.

6. CONCLUSIÓNS

O sistema canovista da Restauración funcionou de forma máis ou menos estable até o comezo do reinado de Afonso XIII. Entre 1902 e 1923 produciuse a súa progresiva desarticulación. Este proceso manifestouse no fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos pola falta de líderes (especialmente tras o asasinato de Cánovas en 1897 e a morte de Sagasta en 1903); no desenvolvemento do Rexeneracionismo; no crecente papel do exército na vida política; na crecente contestación política ao sistema; no auxe do movemento obreiro; e na oposición á Guerra de Marrocos. Outro factor explicativo da crise da Restauración foi o desenvolvemento dos nacionalismos, sobre todo do nacionalismo catalán.

7. FEITOS ACONTECIDOS NA RESTAURACIÓN

1. **Remate da guerra carlista** no ano 1876 coa toma de Montejurra e Estella.
2. Sinatura en 1878 da **Paz de Zanjón** no contexto da guerra de Cuba.
3. **Abolición dos privilexios forais vascos** en 1876, En 1878 o liberais vascos conseguen un acordo poder central denominado Concerto Económico.
4. **Eliminación da autonomía local** a partir da aprobación da Lei de Municipios de 1877. Control dos concello polo Goberno .
5. **Pacto do Pardo** (1885). Tras a morte de Afonso XII Cánovas, Sagasta e a rexente María Cristina de Habsburgo acordan manter o réxime, o sistema de quenda pacífica e agardar para nomear herdeiro ao futuro Afonso XIII (María Cristina estaba embarazada del cando Afonso XII finou).
6. **Reformas de Sagasta:**
 - **Lei de Asociacións** (1887), permitiu a legalización e desenvolvemento de organizacións obreiras
 - **Lei de Xuízos por xurado** (1888), para numerosos delitos.
 - **Novo Código Civil** (1889)
 - **Nova lei electoral** (1890), que establecía o sufraxio universal masculino para maiores de vinte e cinco anos.
7. **Atentados anarquistas:** Liceo de Barcelona (1893), procesión do Corpus (1896), asasinato de Cánovas (1897).